

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA
USO DE INSTALACIÓNS DURANTE A FASE 3 DA DESESCALADA DA CRISE SANITARIA
PROVOCADA POLO COVID 19

Considerando o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o ESTADO DE ALARMA e a normativa complementaria ao mesmo, publicada no BOE ata o día da data.

Esta Alcaldía, en virtude das competencias que lle outorga a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local

RESOLVE:

PRIMEIRO: Establecer as seguintes condicións de obrigado cumprimento, nas instalacións e actividades que se fan constar, durante a FASE 3 da desescalada da crise sanitaria provocada polo COVID 19, tendo en conta as seguintes normas aplicables a todas as actividades:

- a) Calquera actividade permitida deberá desenvolverse en condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social. O uso das máscaras fora do fogar é obrigatorio cando non poida garantirse o distanciamento social. Igualmente, deberase facilitar a dispoñibilidade e o acceso a solucións hidroalcohólicas para practicar unha hixiene de mans frecuente.
- b) Todos os locais e demais establecementos, así como o seu equipamento, das actividades permitidas deberán ser periodicamente desinfectados e hixienizados.

INSTALACIÓN /ACTIVIDADE	FASE 3
CASA DO CONCELLO	Apertura con atención ao público con cita previa, de 9,00 a 14,00 horas Solicitude de cita previa no teléfono 986755036 Os servizos que prestarán atención ao público son Rexistro, Oficinas Xerais, Urbanismo e Arquitectura, Servizos Sociais e Alcaldía Todos os servizos activos na sede electrónica: https://forcarei.sedelectronica.gal Notaría atención ao público con cita previa no teléfono 986755667
BIBLIOTECA	Nas bibliotecas poderán realizarse actividades culturais, sempre que non se supere o 50% do aforo autorizado. Poderá tamén permitirse o estudo en sala, sempre que se dean as condicións necesarias segundo a dirección da biblioteca, e non se supere o 50% do aforo autorizado.



<p>CIRCUITO</p> <p>CAFETERIA</p>	<p>Poderán reabrir ao público os establecementos de hostalería e restauración para consumo no local, sempre que non se supere o 50% do seu aforo.</p> <p>O consumo dentro do local poderá realizarse sentado en mesa, ou agrupacións de mesas, preferentemente mediante reserva previa.</p> <p>Deberá asegurarse o mantemento da debida distancia física de dous metros entre as mesas ou agrupacións de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin, deberán ser acordes ao número de persoas, permitindo que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal.</p> <p>Estará permitido o consumo na barra sempre que se garanta unha separación mínima de 2 metros.</p> <p>Nas terrazas ao aire libre limitarase o aforo ao 75% das mesas, cunha ocupación máxima de 20 persoas por mesa ou grupos de mesas.</p> <p>Eliminaranse produtos de autoservizo como servilleteros, palilleiros, vinagreras, aceiteras, e outros utensilios similares, priorizando monodosis desechables ou o seu servizo noutros formatos baixo petición do cliente.</p>
<p>CIRCUITO</p>	<p>Apertura con medidas de hixiene e protección reforzadas e, se é posible, quendas.</p> <p>A instalación estará provista de material de desinfección.</p> <p>Na actividade gardaranse en todo momento as medidas preventivas indicadas. Os responsables establecerán baixo a súa responsabilidade os horarios necesarios para garantir que os deportistas garden as distancias previstas.</p> <p>Antes da reapertura, haberá que facer unha limpeza e desinfección xeral a fondo de todas as estancias e o mobiliario das instalacións deportivas.</p> <p>Tamén haberá que realizar limpeza e desinfección máis a miúdo, mínimo dúas veces ao día, especialmente das superficies de contacto manual como picaportes, pomos, varandas, bancos, cadeiras, percheiros e baños, entre outros.</p> <p>Deberase facer un control estrito do acceso ás instalacións, restrinxido ás persoas debidamente autorizadas, para poder controlar o aforo que se determine</p> <p>En todo o centro haberá información clara e concisa de pautas de aseo e normas de comportamento, mediante cartelería e sinalectica de recursos, para minimizar o risco de contaxio, distribuídas por zonas de práctica deportiva, entrada, aseos e principais zonas de paso</p> <p>Entrenamento medio en ligas non profesionais federadas.</p> <p>Os deportistas integrados en clubs participantes en ligas non profesionais federadas poderán realizar adestramentos de tipo medio, consistentes no exercicio de tarefas individualizadas de carácter físico e técnico, así como na realización de adestramentos</p>



	<p>táticos non exhaustivos dirixidos á modalidade deportiva específica, mantendo as distancias de seguridade de 2 metros de maneira xeral e evitando en todo casos situación nas que se produza contacto físico.</p> <p>Adestramentos por turnos, evitando superar o 50% do aforo.</p> <p>Poderanse utilizar vestiarios, respectado o disposto ao efecto nas medidas xerais de prevención hixiene fronte ao covid-19 indicadas polas autoridades sanitarias</p> <p>En todo caso seguiranse as medidas de prevención e protección establecidas polas autoridades sanitarias.</p> <p>Deberase realizar una limpeza e desinfección periódica das instalacións.</p>
XIMNASIO	<p>Poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata 20 persoas, sen contacto físico, e sempre que non se supere o 50% do aforo máximo permitido</p> <p>En todo caso, seguiranse as medidas de prevención e protección establecidas polas autoridades sanitarias.</p> <p>Sempre que sexa posible deberá manterse unha distancia de seguridade de 2 metros.</p> <p>Queda permitida a utilización de vestiarios e zonas de duchas.</p> <p>Vestiarios: ocupación máxima de 1 persoa para espazos de ata 4m², salvo naqueles supostos de persoas que poden precisar asistencia. Para aseos de máis de 4 metros cuadrados que contén con máis de 1 cabina ou urinario, a ocupación máxima será do 50%, debendo manter a distancia de seguridade de 2 metros. Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos aseos garantindo o estado de salubridade e hixiene dos mesmos.</p>
IGREXAS	<p>Permitirase a asistencia a lugares de culto sempre que non se supere o 75% do aforo. Manterase a distancia de seguridade e, en todo caso, un máximo de 150 persoas en espazos ao aire libre ou de 75 persoas en espazos pechados. O aforo máximo debe publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto.</p>
CEMITERIOS VELATORIOS CEREMONIAS FÚNEBRES ENTERRAMENTOS	<p>Os velorios poderán realizarse cun límite máximo de 50 persoas en espazos ao aire libre ou 25 persoas en espazos pechados, con independencia de que os mesmos sexan conviventes. A comitiva para a despedida da persoa falecida restrínxese a un máximo de 50 persoas e sempre respectando as medidas de distanciamento e hixiene.</p>



<p>HOSTALERÍA</p> <p>RESTAURANTES</p> <p>CAFETERÍAS</p>	<p>Poderán reabrir ao público os establecementos de hostalería e restauración para consumo no local, sempre que non se supere o 50% do seu aforo.</p> <p>O consumo dentro do local poderá realizarse sentado en mesa, ou agrupacións de mesas, preferentemente mediante reserva previa.</p> <p>Deberá asegurarse o mantemento da debida distancia física de dous metros entre as mesas ou agrupacións de mesas. A mesa ou agrupación de mesas que se utilice para este fin, deberán ser acordes ao número de persoas, permitindo que se respecte a distancia mínima de seguridade interpersoal.</p> <p>Estará permitido o consumo na barra sempre que se garanta unha separación mínima de 2 metros.</p> <p>Nas terrazas ao aire libre limitarase o aforo ao 75% das mesas, cunha ocupación máxima de 20 persoas.</p> <p>Eliminaranse produtos de autoservizo como servilleteros, palilleiros, vinagreras, aceiteras, e outros utensilios similares, priorizando monodosis desechables ou o seu servizo noutros formatos baixo petición do cliente.</p>
<p>COMERCIO MINORISTA E ACTIVIDADES DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS</p>	<p>Os comercios poden abrir cun 50% do aforo total garantindo unha distancia mínima de dous metros entre clientes.</p> <p>Débese establecer un horario de atención con servizo prioritario para maiores de 65 anos.</p> <p>Poderá establecerse un sistema de repartición a domicilio preferente para colectivos determinados.</p> <p>Non se poderá poñer ao dispor dos clientes produtos de proba non destinados á venda como cosméticos, produtos de perfumería, e similares que impliquen manipulación directa por sucesivos clientes.</p> <p>Non se poderán colocar nos establecementos comerciais produtos de telecomunicacións para uso e proba sen supervisión dun traballador que de maneira permanente poida proceder á súa desinfección inmediata tras a manipulación por parte de cada cliente.</p> <p>Nos establecementos do sector téxtil e de arranxos de roupa e similares, os probadores deberán utilizarse por unha única persoa e despois do seu uso limparanse e desinfectaranse. As pezas que se proben deberán ser hixienizadas antes de ser facilitadas a outros clientes. Esta medida será tamén aplicable ás devolucións de pezas.</p>

SEGUNDO: A presente resolución da Alcaldía terá vixencia durante o periodo no que a Fase 3 da Desescalada teña efectos no Concello de Forcarei.

TERCEIRO: Dar traslado da presente resolución á Comisión de Seguimento do Covid-19 no Concello de Forcarei e aos Grupos Políticos integrantes da Corporación Municipal do Concello, así como darlle publicidade a través da sede electrónica e na páxina web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE SEGÚN OS DATOS QUE FIGURAN NA MARXE

CONCELLO DE FORCAREI Praza da Igrexia, nº 1 -36550 Forcarei (Pontevedra) CIF: P3601800J
Teléfonos: 986 755036 /986755432 / e-mail: concello.forcarei@eidolocal.es / Web:
<http://www.forcarei.net>
Sede electrónica: <https://forcarei.sedelectronica.gal>

